



TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO CONTAN CON PERSOAL SANITARIO DE REFERENCIA PARA O COVID-19

- *A Xunta desenvolveu unha xornada de formación sobre o protocolo Covid-19 destinada aos coordinadores dos colexios da área*
- *A xornada correu a cargo da directora de Atención Primaria da Área, Elena Lorenzo, da xefa do servizo de Pediatría, Ana Concheiro, e da especialista en Medicina preventiva, Aida Bello*
- *Ademais, tivo lugar unha xuntanza de traballo específica entre a dirección da Área con pediatras de atención primaria*

Vigo, 28 de setembro de 2020.- A Consellería de Sanidade, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, desenvolveu o pasado xoves unha serie de xornadas formativas cos representantes dos equipos Covid-19 de cada un dos colexios públicos e concertados da Área Sanitaria de Vigo sobre o protocolo e a pandemia.

A actividade desenvolveuse de xeito presencial en catro quendas, por cuestión de aforo, citándose 292 colexios de Educación Infantil, Primaria e Secundaria desta área sanitaria.

As explicacións correron a cargo da directora de Atención Primaria, Elena Lorenzo, da xefa do servizo de Pediatría, Ana Concheiro, e da especialista en Medicina Preventiva, Aida Bello. Tamén estivo presente o xefe territorial de Educación, César Pérez Ares.



Nos contidos formativos abordouse de xeito didáctico información básica sobre o coronavirus, a súa afección na poboación infantil e os síntomas, así como as medidas de vixilancia, de prevención e de control. Ademais, déronse pautas sobre como actuar





ante unha sospeita de infección por coronavirus no centro escolar e o mecanismo de alerta que se debe activar.

Acceso directo

Neste senso, lembróuselles que os centros de saúde teñen incorporados a figura do responsable Covid-escola. En total son 46 facultativos de atención primaria que van a dar respostas ás dúbidas asistenciais dos centros educativos.

Tamén se informou de que se vai por á súa disposición un buzón virtual, unha dirección de correo electrónico para facilitarlles un novo acceso directo á autoridade sanitaria, a través dun espazo ao que poidan dirixirse para plantear e buscar solucións ás súas dúbidas en relación á asistencia sanitaria.

Así, a formación centrouse tamén no papel dos coordinadores Covid dos centros educativos e a súa coordinación cos referentes nos centros de saúde. O programa completouse con materiais de traballo na aula dirixidos ao alumnado segundo as etapas educativas, mediante xogos e consellos.

Formación completa

Os equipos covid-19 dos colexios xa recibiron formación non presencial nos primeiros días de setembro que se completa agora con esta nova xornada presencial na que afondou en información específica sobre a infección do coronavirus e na que se resolveron as dúbidas que poidan existir tras o inicio do curso escolar sobre a aplicación do Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario

Os coordinadores covid-19 son as persoas de referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias de cada colexio. Os equipos están integrados pola persoa titular da dirección do centro, ou persoa na que delegue ou a substitúa, e dous membros do profesorado (nos centros de menos de seis unidades o equipo poderá constituírse cunha soa persoa).

Xuntanza de traballo cos pediatras de Atención Primaria

Ademais, celebrouse unha xuntanza de traballo entre os responsables da Área Sanitaria de Vigo, a xefa do servizo de Pediatría e unha representación dos pediatras de atención primaria, para establecer pautas específicas de actuación que se adecúen ás indicacións do protocolo da Consellería de Sanidade e Educación.

Trátase de buscar solucións para dar resposta ao incremento da demanda da atención pediátrica que se ven rexistrando estes días nos centros de saúde.

